



EXPERIMENTACIÓN DIDÁCTICA NA AULA

PRÁCTICA1 DEFINICIÓN

Introdución

O meu centro de traballo é o I.E.S. Lois Peña Novo de Vilalba na provincia de Lugo, no que se imparten bacharelatos, ciclos formativos, PCPI e ensinanzas de adultos en horario de tarde-noite, conta cunha boa dotación de novas tecnoloxías, en particular cunha aula de informática para bacharelato a cal espero poder usar os catro períodos lectivos semanais, feito que me animou a participar nesta experiencia didáctica na aula.

O curso pasado empreguei Descartes con alumnos de primeiro curso de CCSS para "ver" funcións, e digo ver pois eu manipulaba a aplicación e eles miraban.

Este curso quero que sexa xusto ó revés.

Obxectivos da experimentación

Distintos e moi variados son os obxectivos que me levan a participar nesta experiencia, de seguido enumero os máis significativos:

- *A motivación do alumnado grazas a unha metodoloxía máis atractiva.*

Mediante o nippe Descartes pasamos dunha metodoloxía expositiva a unha baseada na aprendizaxe interactiva e significativa que lles permite ser autónomos na súa formación, e sentirse protagonistas do seu proceso formativo.



- *Actitude positiva fronte ás Matemáticas.*

Unha forma tan distinta de traballar a asignatura pode contribuír a mudar malos hábitos que redundarán nunha mellor actitude na aprendizaxe dos contidos e dos procedementos.

- *Atención á diversidade.*

Poderán repetir cuestións que non teñan claras tantas veces como sexa necesario, profundizar en temas, grazas á atención personalizada, que non se presentan á totalidade do alumnado pola súa complexidade o que redundará no seu rendemento académico posterior.

Tamén teremos presente que esta forma de traballo, nun principio, non vai "cautivar" a todos.

- *O fomento da lectura a través do uso das novas tecnoloxías.*

Acotío os mestres queixámonos que traballamos cunha xeración que só atende as imaxes e que é moi difícil captar a súa atención coa palabra e máis aínda conseguir que lean. Con Descartes é condición necesaria ler se queren interactuar.

Contidos matemáticos a tratar

Dadas as características do meu centro, que só conta con ensinanzas posobrigatorias, e das miñas propias por formar parte dun departamento unipersoal que me obriga a impartir tódolos anos os cursos de 1º e 2º de bacharelato nas modalidades de Ciencias-Tecnoloxía e Ciencias Sociais, optei por elixir o 1º curso de Ciencias e Tecnoloxía, considero que é o que mellor se adapta polos contidos e pola temporalización.

Polos contidos, pois quero traballar o bloque de Xeometría que penso que é un dos que máis rendabilidade lle tira a Descartes.



Pola temporalización, xa que semana arriba semana abaixo cadra coas datas previstas para a experimentación.

Os contidos matemáticos a tratar son:

- Medida dun ángulo en radiáns.
- Razóns trigonométricas dun ángulo.
- Resolución de triángulos.
- Vectores no plano. Operacións.
- Produto escalar.
- Ecuacións da recta .
- Posicións relativas, distancias e ángulos entre rectas.
- Identificación e obtención das ecuacións das cónicas.

Cando sexa necesario completar os contidos das unidades didácticas ou das aplicacións de Descartes recorrerase ó método tradicional de traballo.

Grupo de alumnos

Como xa mencionei no apartado anterior o grupo elixido é de 1º curso de bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, está formado até o día de hoxe por sete alumnos que descoñezo por completo, mais espero que teñan un mínimo de predisposición pola asignatura por ser a este nivel optativa.

Datas e temporalización

Coa intención de axustarme á programación que considero adecuada para este curso, pretendo dar comezo á experimentación o día 6 de outubro e rematala o 5 de decembro, cun total de 36 períodos lectivos, cumprindo así cos dous meses previstos.

O motivo de retrasar unha semana o comezo é poder repasar os contidos alxébricos necesarios para abordar o bloque de Xeometría.